

ANUNCIACIÓN dun milímetro de vida

A ti non veu anunciarte ningún anxo de pan de ouro

non

nin tiña eu a fermosura febril dunha virxe

nin fun atravesada pola linguaxe flamíxera dun

mandato divino

nin descendeu sobre min a graza coma un canon

de contratenores

que poderla rebentarme coma un cristal a alma se a tivera...

Non.

Eu só entrei eos meus pequenos poros na solemnidade

do amor

e agarrada a unha raíz milenaria desexei

que te enroscases aos enxertos do pracer e medrases

coma unha planta carnívora de min.

Non

te anunciaron trompetas celestes

non falaron de ti os profetas

porque tería que retorcérselles a lingua cara atrás

onde o padal regresa á vogal primeira e ai dicirte

a ti

tan extraordinariamente humana

tan grandiosamente pequeniña

que inda ningún idioma ten palabra do teu tamaño.

Agás o paxaro que te albiscou en pleno voo

cando te concibimos

e sabía que un milagre cotián estaba a producirse

nos condutos entre a súa epiglote e o meu óvulo.

POESÍA POLINIZADA

Aquel día

onde a nena alucinada e a muller de aldea

se fundiron nunha

sentín

que me atravesaba a longa liña do pasado

coma se eu fose unha porta espalancada no bucle do tempo

e viñeran a min as esporas sutís das existencias

arremuiñárense arredor

da membrana concéntrica

do corion.

E chorei

contemplada por trinta xeracións de meu a

tentas

cos seus ramos de trigo e de cebada

á polinización que deu lugar

á papoula hormonal

da oxitocina.

Aquel día.

NA CHEGADA DA PRIMEIRA LOCOMOTORA

O teu tataravó gañaba a vida

escavando polas noites un túnel

polo que pasou o primeiro tren que chegou a Ourense.

Do mesmo xeito sinto a túa aixada na miña carne

abrindo paso entre capas calcolíticas de nervios

furando a cegas o espazo noite a noite

sen temor á lousa nin ao estreito pasadizo da vida.

Velaí vés Velaí vés

en tódalas direccións máis íntimas

atraendo a miña existencia á creación da túa
facendo de min un oco no cosmos
eu
que sempre admirei as galerías dos rancos e dos grilos
e o burato que facía a miña mai Cos dedos
pra plantar una leituga
no profundo Choro
cun pracer expandido
igual ca un túnel aberto por primeira vez
no medio e medio da noite do mundo.

INTRAHISTORIA

Estás dentro coma nun mundo esférico e perfecto
onde non hai fronteira nin exclusión nin deus
no teu ceo estrelado de vitaminas.
Estás dentro da paz total
na alegría concreta da existencia cando chuchas a mau
por instinto de succión
como fai o meu cerebro coa música estás dentro
da harmonía que está dentro de min
conectada cos astros e co teu corazón que aprende
o compás binario de sístole e diástole

Libre

como se é cando se ama
como se é cando se crea
cando se cre

que se pode ser libre

estás dentro

da poesía

que me ensancha ata igualarme ao diámetro da pureza.

E eu empezó a entender

que só esta revolución hormonal

cambia para sempre a miña historia

dentro

onde estás

coma nun mundo esférico e perfecto

onde non hai fronteira nin exclusión nin deus

no teu ceo estrelado de vitaminas.

Olga Novo, *Feliz Idade*, Tambo, Kalandraka, Pontevedra, 2020.